

Instrucións da Dirección Xeral de Formación Profesional para a autorización da oferta de módulos de ensino a distancia das ensinanzas deportivas de réxime especial en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece, no seu artigo 1, que son principios básicos do sistema educativo español o de propiciar a educación como unha aprendizaxe permanente que se desenvolve ao longo de toda a vida, e a flexibilidade para adecuar a educación á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades do alumnado, así como aos cambios que experimentan o alumnado e a sociedade. Como consecuencia diso, o sistema educativo debe facilitar a incorporación ás diferentes ensinanzas á vez que favorece a conciliación da aprendizaxe con outras responsabilidades e actividades.

O Real Decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial (BOE do 8 de novembro), previu no seu capítulo VII que a oferta das ensinanzas deportivas poderá flexibilizarse para permitir compatibilizar o estudo con outras actividades deportivas, laborais ou doutra índole, principalmente ás persoas adultas e aos deportistas de alto rendemento. Para elo recolle, entre outros tipos de oferta, a de réxime de ensino a distancia, que debe reunir, en todo caso, os requisitos esixidos para obter os correspondentes títulos de ensinanzas deportivas, polo cal as autorizacións concedidas aos centros educativos para impartir ditas ensinanzas deben estar condicionadas ao cumprimento fidedigno deses requisitos. O artigo 26 especifica que se poderán ofertar a distancia os módulos do bloque común e aqueloutros que dispoña o real decreto que estableza o título e as ensinanzas mínimas correspondentes. Así mesmo, no seu artigo 28, establece que para a oferta das ensinanzas deportivas en réxime de ensino a distancia, os centros deberán contar coa autorización previa para impartir esas mesmas ensinanzas en réxime de ensino presencial.





Os artigos 14, 16, 17 e 18 da Orde do 22 de xullo de 2021 pola que se desenvolven determinados aspectos da ordenación académica nas modalidades deportivas de Ensinanzas de Réxime Especial implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 30 de xullo), recollen os principais aspectos para o desenvolvemento do réxime de ensino a distancia así coma o procedemento para a autorización do réxime de ensino a distancia aos centros públicos dependentes doutras administracións e aos centros autorizados no seu artigo 15, carecendo de regulación específica para a súa aplicación nos centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Por todo o exposto, para a oferta e posta en funcionamento de módulos de ensino deportivo a distancia en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, compre ditar as seguintes instrucións:

Primeira.- Obxecto e ámbito de aplicación

- As presentes instrucións teñen por obxecto establecer o procedemento para a autorización da oferta e posta en funcionamento de módulos de ensino deportivo a distancia en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Segunda.- Requisitos dos centros

- Para a oferta de módulos de ensino a distancia das Ensinanzas Deportivas de Réxime Especial en centros educativos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, estes deberán contar coa autorización previa para impartir esas mesmas ensinanzas en réxime de ensino presencial.

Terceira.- Procedemento e prazo para formular solicitude

- A persoa que exerza a dirección dos centros deberá presentar antes do 30 de abril de cada curso académico unha solicitude de autorización conforme ao Anexo I dirixida á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para a súa autorización, se procede, por parte da Dirección Xeral de Formación Profesional logo de informe do Servizo de Inspección Educativa.



A solicitude deberá contar, cando menos, cos seguintes aspectos:

- a) As ensinanzas deportivas e os módulos correspondentes a estas ensinanzas que se desexan impartir a distancia.
- b) Proposta de organización de horarios e calendario lectivo.
- c) Recursos humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas a distancia solicitadas.
- d) Profesorado encargado do réxime de ensinanza a distancia que deberá axustarse, en canto á titulación, ao que estableza o Decreto ou Real Decreto de currículo do correspondente título para o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) Planificación dos grupos aos que se aplicarán as ensinanzas a distancia, tendo en conta a rateo de alumnado/unidade escolar e alumnado/profesorado prevista no artigo 48 do Real Decreto 1363/2007, do 24 de outubro.
- f) Materiais curriculares e recursos e medios didácticos segundo o recollido no artigo 17 da Orde do 22 de xullo de 2021.
- g) Organización da titoría e orientación incluíndo o cadro do horario semanal das titorías (por vía telemática e presenciais) conforme o previsto no artigo 17 e 18 da Orde do 22 de xullo de 2021.
- h) Informe favorable do consello escolar ou consello social do proxecto para a autorización da oferta do réxime de ensino a distancia.

Cuarta: Condicións para o ensino a distancia

- O réxime de ensino a distancia requirirá que o alumnado, fóra do centro docente, desenvolva actividades de formación mediante o uso preferente das tecnoloxías da información e a comunicación, posibilitando a interacción do alumnado e profesorado situados en distintos lugares e suporá, en todos os casos, un carácter semipresencial das ensinanzas.
- Poderán ofertarse en réxime de ensino a distancia os módulos do bloque común e aqueloutros que dispoña o Real Decreto que estableza o título e as ensinanzas mínimas correspondentes.
- Os módulos de ensino impartidos a distancia poden precisar que unha parte da súa carga lectiva deba ser impartida de forma presencial, ademais das correspondentes probas de avaliación.





Quinta.- Materiais didácticos

- Para impartir o bloque común, facilitaráselle aos centros docentes que contén coa preceptiva autorización, os materiais didácticos aos que fai referencia á cláusula terceira do *Acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, para a impartición, na modalidade a distancia, do bloque común do ciclo inicial e final de grao medio das actividades de formación deportiva.*

Todos os aspectos non regulados nestas instrucións rexeranse polas normas que con carácter xeral regulan as ensinanzas deportivas de réxime especial.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral de Formación Profesional

María Eugenia Pérez Fernández





ANEXO I

D/Dna _____, director/a do IES / CIFP _____, no que actualmente se imparten ensinanzas deportivas de réxime especial de _____, solicita autorización para a oferta e posta en marcha dos seguintes módulos en réxime de ensino a distancia das ensinanzas deportivas de _____:

a) Ensinanzas deportivas				
MÓDULO	Horas totais do módulo	Horas presenciais	Horas distancia	Bloque ao que pertencen os módulos para os que se solicita autorización.
				<input type="checkbox"/> Bloque común <input type="checkbox"/> Bloque específico <input type="checkbox"/> Bloque complementario
				<input type="checkbox"/> Bloque común <input type="checkbox"/> Bloque específico <input type="checkbox"/> Bloque complementario

b) Proposta de organización de horarios e calendario lectivo.

Organización de horarios

Calendario lectivo

c) Recursos humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento das ensinanzas a distancia solicitadas.

Recursos humanos

Especificar se o centro conta co persoal docente ou precisa incremento

Recursos materiais

d) Profesorado encargado do réxime de ensinanza a distancia

Apelidos e nome do profesorado

Deberá achegarse a titulación que xustifique o cumprimento dos requisitos que establece o Decreto ou Real Decreto de currículo do correspondente título para o ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Planificación dos grupos aos que se aplicarán as ensinanzas a distancia

Grupo:

Terase en conta a rateo de alumnado/unidade escolar e alumnado/profesorado prevista no artigo 48 do Real Decreto 1363/2007, do 24 de outubro.





f) Materiais curriculares e recursos e medios didácticos

Materiais curriculares

Recursos didácticos

h) Certificado de aprobación polo consello escolar ou consello social

Xunto remítese o certificado de aprobación polo Consello Escolar/Social

En _____, a día __ de __ de 202_

O/A director/a do IES / CIFP _____

NORMATIVA :

- Real Decreto 1363/2007, do 24 de outubro, polo que se establece a ordenación xeral das ensinanzas deportivas de réxime especial (BOE do 8 de novembro)
- Real Decreto ou Decreto polo que se regula o currículo das ensinanzas deportivas solicitadas.
- Orde do 22 de xullo de 2021 pola que se desenvolven determinados aspectos da ordenación académica nas modalidades deportivas de Ensinanzas de Réxime Especial implantadas na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 30 de xullo)
- Instrucións da Dirección Xeral de Formación Profesional para a autorización da oferta e posta en funcionamento, de módulos de ensino a distancia das ensinanzas deportivas de réxime especial en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

